



## LIBROS DE TEXTO

Para o vindeiro curso 2015-16 publicáronse dous tipos de convocatorias para axudar a consecución dos libros de texto por parte do alumnado galego:

### 1º) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado de 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria e para o de 1º e 3º de educación secundaria.

Segundo a Orde do 22 de maio de 2015 (D.O.G. 1-6-2015) proporcionarase un vale para mercar os libros nunha librería a todos os alumnos/as que cumpran os requisitos esixidos.

#### Prazos:

- En educación primaria, do 2 de xuño ao 2 de xullo, ambos inclusive.
- En educación secundaria (prazo ordinario): Do 25 de xuño ao 27 de xullo, ambos inclusive.
- En educación secundaria (prazo extraordinario): Do 2 de setembro ao 2 de outubro, ambos inclusive.

### 2º) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

Para o alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria.

Segundo a Orde do 21 de maio de 2015 (DOG. 1-6-2015) proporcionaráselle ao alumnado os libros de texto que existan no fondo solidario ata que se esgoten, en orde inversa á renda per cápita do alumnado.

**Prazo:** Do 2 de xuño ao 30 de xuño, ambos inclusive.

#### SOLICITUDES:

As solicitudes en soporte papel, entregaranse **no centro docente** (oficina administrativa), nos rexistros oficiais ou por correo, dentro dos prazos establecidos en cada caso.

Os impresos de solicitude poderán obterse no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación e tamén se poderán descargar na páxina <http://edu.xunta.es> ou na páxina web do centro.

#### ENTREGA DE LIBROS:

Os libros entregaranse ao alumnado beneficiario do fondo o día de inicio das clases en educación primaria e a partir do 15 de setembro en educación secundaria

A relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o día 7 de xullo de 2015. Poderase formular reclamación contra a mesma durante o días 8 e 9 de xullo.

A relación definitiva publicarase polos medios anteriormente mencionados o 15 de xullo para educación primaria e o 15 de setembro para educación secundaria.

#### DEVOLUCIÓN DE LIBROS:

Os libros do curso actual 2014-15, adquiridos coas axudas, devolveranse no centro ata o día 19 de xuño como máximo, agás en educación secundaria aquel alumnado que os necesite para preparar a convocatoria extraordinaria de setembro, que poderá ter o libro que necesite ata o 4 de setembro. (Exclúese o alumnado de 1º e 2º de primaria, por non ser reutilizables).

Tamén se agradece a todo aquel alumnado de 5º de primaria e 2º e 4º de secundaria que os adquiriu con fondos propios, a súa entrega ao centro para incrementar o Fondo Solidario.